



## Serei inmensamente ditoso da vosa felicidade

---

Fr. Santiago Agrelo

Á Igrexa de Deus que peregrina en Tánxer: Paz e ben.

Irmáns meus moi queridos:

O meu tempo cumpriuse.

Para o voso pastor chegou a hora do regreso á quietude da vida conventual. Para vós chegará outro pastor, chamado a guiar –farao con sabedoría e amor– esta Igrexa humilde e fermosa.

Nesta carta quero deixaros algo así como unha memoria persoal, unha mirada afectuosa ao camiño que tiveren a ledicia e o privilexio de percorrer convosco, un pequeno mundo de palabras que vos axuden a gardar no corazón un recordo amable deste irmán menor que foi o voso bispo durante case doce anos.

Unha travesura de neno foi a ocasión da que se serviu o Señor para levarme ao Seminario –nós chamámolo Colexio Seráfico– da Provincia Franciscana de Santiago. Alí os irmáns ensináronme todo o que sei, tamén a buscar ao Señor, a amalo; ensináronme a amar aos pobres, amar á Igrexa.

Logo, no Pontificio Instituto Litúrxico San Anselmo, de Roma, aprendín veneración pola Palabra de Deus.

O Señor ocupouse sempre de min, como se ocupa dun neno pequeno unha nai cariñosa.

Cando o Papa Benedito me chamou a este ministerio en Tánxer, acepteino confiadamente. Acepteino cunha súplica no corazón ao Deus da miña vida: axúdame, Señor, a amar a túa Igrexa co amor

con que ti a amas, axúdame a servirte nos pobres, axúdame a ser fiel á túa santa vontade.

Naquel momento sentínme como o patriarca Abraham, que na ancianidade fora chamado a deixar casa e patria, e a poñerse en camiño, levando como único tesouro no corazón as palabras da promesa divina. Sentínme como Sara, visitada á porta da súa tenda por un anxo cun anuncio de fillos, que sempre son para unha nai gozos e traballos. Sentínme turbado e confiado, gozoso e esperanzado, disposto a camiñar e a coidar fillos para o Señor. Sentínme profundamente agradecido ao Señor, á Igrexa, ao Papa, a quen prometín obediencia e reverencia, e a quen lle pedín que me axudase a vivir e morrer como fillo na santa Igrexa.

Agora, como bispo xa emérito e como Irmán Menor, quero expresar obediencia e reverencia, gratitude e agarimo ao Papa Francisco, pois en todo momento do meu servizo nesta Igrexa, coma se fose a el a quen pedín axuda, sentínme confortado pola súa palabra, polo exemplo da súa vida, polo seu amor á Igrexa, pola súa solicitude cos emigrantes, polo seu amor aos pobres.

Irmáns meus moi queridos: Terminado o meu servizo como bispo desta Igrexa, volvo gozoso á obediencia dos meus superiores relixiosos, volvo rico do amor que Deus me ten, amor do que foi sacramento real a caridade que vós tivestes comigo, o amor co que dulcificastes o meu camiño durante estes anos.

Se no ceo houbese primeiros e últimos postos, estou seguro de que todos alí me precederíades, pois dilapidastes tanto amor cos pobres, que, considerada a pobreza do meu, nin sequera serei digno de desatarvos as sandalias. Pero serei ditoso, inmensamente ditoso da vosa felicidade, aínda que só poida vela de lonxe e desde abaixo.

Vós fixestes posible o cumprimento do compromiso de servizo á Igrexa e aos pobres que asumín cando aceptei o nomeamento de bispo.

Pola miña banda, ao longo destes anos compartín convosco o que vivín na fe, e comuniquéivos, sen gardarme nada –polo menos iso intentei–, canto recibín do Señor.

A el e a vós pido perdón pola atención que non vos prestei, por canto perdín do que o Señor quixo que vos dese, por canto non souben amarvos.

Convosco, cos pobres, coa Igrexa, resoarán no meu corazón as palabras do cántico da nosa Nai a Virxe María: «Proclama a miña alma a grandeza do Señor, alégrase o meu espírito en Deus o meu salvador». En verdade, el fixouse na súa Igrexa, nos pobres e en min para bendicirnos como xamais podería soñar.

Vós fostes bendición de Deus sobre a miña vida, sodes a miña alegría e a miña coroa, e con Cristo lévovos gardados para sempre no corazón.

O Papa Francisco encomendoulle ao meu irmán Cristóbal López, arcebispo de Rabat, a administración apostólica da arquidiocese de Tánxer, ata que a Santa Sé poida nomear ao meu sucesor. Estou seguro de que, o mesmo a el que ao meu sucesor, acollerédelos como me acollestes a min, coa mesma familiaridade, coa mesma confianza, co mesmo respecto, co mesmo agarimo.

Nesta carta, de agradecemento máis que de despedida, entran tamén con todo dereito o pobo marroquí e as autoridades deste país que me acolleron durante estes doce anos, tratáronme sempre con respecto, con cordialidade, con familiaridade, e permitíronme sentirme un máis nesta terra bendicida por Deus.

O Señor vos bendiga, irmáns meus moi queridos: O Señor vos garde na súa paz, vos colme de esperanza e de alegría, vos encha do seu Espírito, vos manteña sempre unidos, e a todos nos reúna un día na súa casa do ceo.

Tánxer, 24 de maio de 2019.

**Fr. Santiago Agrelo**  
**Bispo emérito**